

ACORDO

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CC.OO., FETE-UGT, ANPE, CSI-CSIF e STEG chegan a un punto de encontro que permite suspender a folga do día 3 de maio.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais asinantes chegan ao seguinte acordo sobre a aplicación do calendario escolar para o curso 2007/2008, aprobado por Orde do 9 de abril de 2007 (DOG nº 73, do 16-04-2007).

Primeiro.- Para o curso académico 2007/2008 o calendario escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos, será o regulado pola referida orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, publicada no Diario Oficial de Galicia do día 16 de abril.

Segundo.- En aplicación do calendario escolar para o curso académico 2007/2008, garantírase que o alumnado terá, con carácter xeral, unha xornada escolar de cinco horas diarias durante todo o curso

Terceiro.- As posibles modificacións da xornada escolar, garantirán en todo momento, se fose o caso, o funcionamento do comedor escolar desde o mesmo día 12 de setembro ata o 20 de xuño de 2008 en Educación Primaria, conforme establece o artigo 4º da citada Orde do 9 de abril de 2007.

Cuarto.- Segundo se recolle nos artigos 9º ao 11º da Orde do 9 de abril de 2007, os centros educativos poderán solicitar unha modificación da xornada escolar. Esas posibles modificacións para os meses de setembro de 2007 e de xuño de 2008, serán dirixidas ás Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

a) Petición expresa, formulada pola dirección do centro educativo previo acordo do Consello Escolar, adoptado por maioría simple.

b) Indicación do horario escolar que se desenvolverá durante os meses de setembro de 2007 e xuño de 2008, cunha xornada, con carácter xeral, de cinco horas

diarias.

c) Indicación expresa do horario de funcionamento do servizo de comedor escolar.

Quinto.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará esa modificación da xornada para setembro e xuño sen máis trámite que a solicitude cando sexan centros sen transporte escolar. No caso de dispoñer deste servizo, garántese a máxima flexibilidade na organización do centro para implantar a xornada intensiva en todos os centros.

Sexta.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como xa anunciara en varias ocasións, negociará na Mesa Sectorial, antes de rematar o curso 2006-2007, a reducción da xornada de traballo do persoal pertencente aos corpos de mestres.

Sétima.- En relación co anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria negociará a mellora dos catálogos de postos de traballo dos centros de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados.

Oitava.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria negociará, ao longo do primeiro trimestre do curso 2007-2008, unha flexibilización dos requisitos necesarios na tramitación e concesión da xornada única.

Novena.- Constituirase unha comisión de seguimento que velará polo cumprimento do reflectido no presente acordo.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2007

Pola CONSELLERÍA

Por CC.OO.

Por FETE-UGT

Por ANPE

Por CSI-CSIF

Por STEG